



Mesa 2: *Deseño construtivo en madeira*

- É necesario coñecer o comportamento da madeira e non reproducir unicamente os conceptos aprendidos para outros materiais (aceiro, formigón,). Así entre outros aspectos hai que ter en conta tanto tensións paralelas como perpendiculares ás fibras. Tamén hai que ter presentes a necesidade de liberdade de movementos da madeira nos enlaces que nos leva a un predominio das solucións tipo articuladas fronte aos empotramentos ríxidos.
- A redución da sección das correas de madeira pode conseguirse con tornapuntas, tirantiñas e arriostramentos, etc. As correas continuas supoñen un aforro de madeira de arredor dun 18% sobre o uso de correas simples, As correas con unións desprazadas permiten aforrar ate un 28% do volume de madeira necesaria.
- É posible desenvolver prototipos de estrutura de madeira para uso de construcións rurais aproveitando pezas de pequena dimensión serradas ou en rolo. O custe da madeira para os distintos prototipos oscila entre 17 e 55 €/m².
- O programa de deseño de estruturas de madeira aborda todos os aspectos do proxecto. Permite o cálculo de escuadrías, medicións, optimiza o número de pezas standar a comprar para que o desperdicio sexa mínimo. Proporciona planos de cada peza, incluíndo cortes necesarios e planos de montaxe para facilitalo. As máquinas de control numérico permiten unha mellor aplicación do programa.